

Presentación do libro de Vicente López-Ibor organizada polo Consello Social e Economics for Energy

50 diálogos para comprender o sector enerxético

O autor sostén que asistirmos a unha transición enerxética necesaria de cara á "descarbonización da economía"

[Me gusta](#)

0

[Tweet](#)

1

[Share](#)

[Delicious](#)



Duvi | Vigo

Nomes tan destacados como o do presidente da Comisión Europea, Durao Barroso; o astronauta Pedro Duque ou o ex-director xeral da Unesco, Federico Mayor Zaragoza son algúns dos 50 persoeiros que dialogan co profesor da Universidad Pontificia de Comillas no seu libro *Conversaciones sobre la energía*.

Da man do Consello Social da Universidade e do centro de investigación Economics for Energy presentou este martes a súa publicación no Centro Social Novacaixagalicia de Vigo. Acompañado polo conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde; o presidente do Consello Social da Universidade, Ernesto Pedrosa; e o catedrático da Universidade de Vigo e director de Economics for Energy, Xavier Labandeira, López-Ibor explicou que nesta obra defende que a enerxía é unha prioridade política, industrial e ambiental por tratarse dun factor esencial para o

desenvolvimento social e o crecemento económico, ademais dunha fonte de conflitos xeopolíticos e desequilibrios territoriais e humanos.

Así, neste libro, coeditada pola Comisión Nacional de Enerxía e a Universidad Rey Juan Carlos de Madrid, aborda o sector enerxético dende todos os puntos de vista, do empresarial ao político, e do regulatorio ao ambiental e faino a través de 50 conversacións con destacados representantes no eido das políticas públicas e da regulación, da economía, do tecido empresarial, da educación, das ONGs e de diversos organismos reguladores. Vicente López-Ibor reclama unha visión xeral na análise da complexidade técnica do sector da enerxía, así como das especiais condicións para a súa dispoñibilidade e uso. Sostén o autor que "estamos asistindo neste comezo do século XXI a unha transición enerxética necesaria de cara á descarbonización da economía" que permita a compatibilidade do progreso material co patrimonio e as esixencias ambientais.

López-Ibor, un gran coñecedor do dereito enerxético

Vicente López-Ibor Mayor é profesor de Dereito na Universidad Pontificia de Comillas e director do Estudio Jurídico Internacional. Anteriormente, foi secretario xeral e do Consello de Administración da Asociación Española de Energía Eléctrica (Unesa) e presidente do seu Comité Jurídico, así como conselleiro especial do Comisario Europeo de Enerxía e Transportes, conselleiro da Comisión Nacional da Enerxía e director xeral de Relacións Institucionais do Grupo FCC.

Ademais, é membro do Grupo de Expertos de Contratación Pública da Comisión Europea, así como do Consello Consultivo sobre Competencia do Instituto de Estudios Europeos da Universidad San Pablo e do Comité de Prospectiva do Centro Superior de Estudios de la Defensa Nacional (CESEDEN). É autor de varios libros e publicacións sobre Dereito enerxético e regulación.